

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

12568 *Real decreto 1052/2015, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura das consellarías de Emprego e Seguridade Social no exterior e se regulan a súa organización, funcións e provisión de postos de traballo.*

A Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, establece o marco xeral de acción do Estado no exterior e regula, así mesmo, o servizo exterior. Os seus artigos 22 e 23 refírense, respectivamente, á acción exterior en materia de emprego e seguridade social, así como de emigración e inmigración. Igualmente, os seus artigos 42.6, 45.3, 45.5 e 47.3 establecen o funcionamento das consellarías e agregadorías sectoriais, así como doutros órganos técnicos especializados, ademais do procedemento para a súa creación ou supresión.

Nesta mesma Lei 2/2014, do 25 de marzo, incídese, cando se refire á organización do servizo exterior do Estado, en particular nos artigos 41.1 e 45.1.c), en que se integran na misión diplomática as unidades administrativas e os medios humanos que actúan no exterior pertencentes aos distintos departamentos ministeriais.

A Administración do Ministerio de Emprego e Seguridade Social no exterior está constituída actualmente polas consellarías e as seccións de Emprego e Seguridade Social.

As consellarías de Emprego e Seguridade Social rexíanse ata o momento polo Real decreto 904/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a Administración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no exterior, mentres que as seccións o facían ata agora mediante o Real decreto 426/1993, do 26 de marzo, polo que se regulan as seccións de Asuntos Laborais e de Seguridade Social das oficinas consulares. Iso provocou que, actualmente, convivan seccións e consellarías que en puridade carecen dunha norma común de referencia.

Así, o citado Real decreto 426/1993, do 26 de marzo, autorizou a creación das seccións de Asuntos Laborais e de Seguridade Social como unidades integradas organicamente nas oficinas consulares, sen prexuízo da súa dependencia funcional do daquela Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

En aplicación deste real decreto e mediante a Orde do Ministerio de Asuntos Exteriores do 12 de maio de 1994, suprimíronse 37 oficinas laborais ata entón existentes e créanse 31 seccións laborais, de Seguridade Social e de Asuntos Sociais, dependentes das respectivas oficinas consulares. Mediante ordes posteriores incrementouse este número ata 34.

Malia as previsións da normativa citada, as respectivas relacións de postos de traballo nunca chegaron a integrarse nas oficinas consulares, polo que a pretendida integración tampouco chegou a se completar.

Cando no ano 2003 se aproba o real decreto que regula a Administración do daquela Ministerio de Traballo e Seguridade Social no exterior,ponse claramente de manifesto a disfunción que supón a existencia destas seccións, que se desenvolven no ámbito das oficinas consulares pero pertencen á estrutura da respectiva consellaría, que é a unidade que o ministerio considerou idónea para a súa presenza no exterior.

Non obstante, só de xeito tímido se produce a integración formal do persoal das seccións nas respectivas consellarías e, mediante Resolución da Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións do 15 de xuño de 2004, intégranse as relacións de postos de traballo das oficinas laborais dos Países Baixos, do Reino Unido e Bélxica nas súas correspondentes consellarías.

A necesidade de dar un novo pulo á acción internacional nos ámbitos da política de emprego e seguridade social, e tamén de emigración e inmigración, require a adopción dun novo real decreto que unifique e actualice nunha soa norma o funcionamento das

consellarías. Todo iso sen esquecer a necesaria busca da eficacia e eficiencia no emprego dos recursos públicos.

A dotación dunha estrutura máis flexible das consellarías, que formalmente non contarán con seccións, facilita a súa adecuación e adaptación ás circunstancias concretas do colectivo de cidadáns no territorio de acreditación. Iso reverterá nunha maior capacidade de reacción e resposta ás súas demandas e manterá a calidade na atención prestada. Deste modo, lógrase unha estrutura máis racional e acorde de todas as consellarías, xunto cunha maior clarificación organizativa, ao tempo que mellora a calidade do servizo público que prestan aos cidadáns nun contorno de crecente mobilidade. Iso permite que as consellarías adecuen a súa dimensión organizativa a un público diverso e cambiante e concentren a atención alí onde se identifican as necesidades, tendo en conta que os movementos migratorios da poboación española se intensificaron nos últimos anos, debido á crise económica, e que predomina un perfil con maior cualificación. Durante a súa vida laboral no exterior é preciso informar e atender os nosos emigrantes para garantir unha protección adecuada dos seus dereitos sociolaborais.

Por outro lado, o Tribunal de Contas realizou unha auditoría de xestión das consellarías do Ministerio de Emprego e Seguridade Social en Europa. Entre as observacións formuladas destaca a relativa á relación entre consellarías e seccións coa necesidade de aclarar a dependencia entre estas. Con este real decreto dáse resposta definitiva á dita cuestión, ao suprimir todas as seccións de Emprego e Seguridade Social, cuxas funcións son asumidas polas consellarías de Emprego e Seguridade Social como os únicos órganos técnicos especializados do ministerio no exterior.

Outra das cuestións formuladas por este organismo poñía o acento na necesidade de dotar as consellarías dunha planificación homoxénea. A partir de agora, xeneralízase a planificación operativa das actuacións das consellarías, que establecerá indicadores de seguimento e sobre a cal se fará unha valoración de resultados alcanzados, co obxectivo de mellorar o seu funcionamento.

Sobre este real decreto emitiu informe o Consello Executivo de Política Exterior.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación e da ministra de Emprego e Seguridade Social, e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Das consellarías de Emprego e Seguridade Social

Artigo 1. Denominación e definición.

As consellarías de Emprego e Seguridade Social son órganos técnicos especializados das misións diplomáticas e das representacións permanentes do Reino de España para o desenvolvemento das funcións que, no marco das competencias do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, lles encomenda a Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, e este real decreto.

Artigo 2. Dependencia.

1. As consellarías de Emprego e Seguridade Social dependen orgánica e funcionalmente da Subsecretaría do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a través da Secretaría Xeral Técnica, e manteñen unha dependencia xerárquica do embaixador. Corresponderá á Subsecretaría de Emprego e Seguridade Social, a través da Secretaría Xeral Técnica, definir as accións e os programas de actuación, a súa organización interna e a dotación orzamentaria, así como a súa inspección técnica e control.

2. O seguimento e a coordinación da actividade das consellarías exercerase desde a Secretaría Xeral Técnica a través da Subdirección Xeral de Relacións Internacionais Sociolaborais, en virtude do previsto no real decreto de estrutura correspondente. A Secretaría Xeral Técnica manterá unha fluída relación coas consellarías, especialmente no que se refire ao deseño, execución e seguimento dos plans operativos e ferramentas de xestión.

3. No ámbito da dependencia funcional prevista no punto primeiro, teranse en conta as funcións que o real decreto polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social poida atribuír aos distintos órganos directivos do departamento. O anterior enténdese sen prexuízo da coordinación recoñecida á Subsecretaría na materia.

Artigo 3. *Creación, modificación e supresión.*

A creación, modificación ou supresión dunha consellaría de Emprego e Seguridade Social realizarase mediante real decreto do Consello de Ministros, por iniciativa do titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, logo do informe do titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e por proposta do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, co informe previo do Consello Executivo de Política Exterior.

As consellarías de Emprego e Seguridade Social existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto recóllense na relación que figura no anexo.

Artigo 4. *Funcións.*

1. A actuación das consellarías de Emprego e Seguridade Social desenvolverase no marco dos instrumentos de planificación regulados na Lei 2/2014, do 25 de marzo, e suxeitarase aos principios, directrices, fins e obxectivos da acción exterior do Estado en materia de emprego, relacións laborais, seguridade social e emigración e inmigración, de acordo coas directrices do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

2. Con carácter xeral, as consellarías de Emprego e Seguridade Social apoiarán o exercicio das funcións correspondentes aos distintos órganos superiores e directivos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, no ámbito das súas competencias e, en particular, desempeñarán as seguintes funcións:

a) De carácter institucional:

1.^a Representar o Ministerio de Emprego e Seguridade Social executando as directrices e actividades que resulten necesarias para tal fin.

2.^a Representar o xefe de misión, cando se lle encomende especificamente.

3.^a Prestarlle o seu asesoramento, asistencia técnica e colaboración á xefatura e demais órganos da misión diplomática nas áreas da súa competencia.

4.^a Manter e perfeccionar as relacións bilaterais entre o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e as autoridades competentes no ámbito sociolaboral, así como con interlocutores sociais e organizacións de participación social do país de acreditación.

5.^a Apoiar a realización de actividades de cooperación técnica no país de acreditación en materias da súa competencia.

6.^a Colaborar no desenvolvemento dos acordos migratorios.

b) De carácter informativo:

1.^a Operar como unidade de información do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, en materias da súa competencia, recompilando información sociolaboral e migratoria de institucións e organizacións do país de acreditación e facilitando as propias en materias de competencia do departamento.

2.^a Proporcionar á cidadanía española información e, se é o caso, asesoramento en materia de emprego, relacións laborais, seguridade social e migratoria no ámbito das súas competencias.

3.^a Fomentar accións para facilitar á cidadanía española a busca de emprego no país de acreditación.

c) De carácter asistencial:

Sen prexuízo das competencias dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do Interior, desempeñarán as seguintes funcións:

1.^a Atender os cidadáns españois no exterior co fin de facilitar tanto a súa integración laboral e persoal no país de acollida como facilitar, cando sexa posible, o regreso a España daqueles que desexen retornar, certificando se procede a documentación laboral e de seguridade social para a súa posible toma en consideración pola Administración española, de cara á emisión do certificado de emigrante retornado.

2.^a Fortalecer as relacións coas asociacións e centros de emigrantes españois no estranxeiro sobre a base da cooperación mutua.

3.^a Xestionarlles as pensións asistenciais no estranxeiro e os programas específicos de atención médica sanitaria aos emigrantes que o necesiten.

4.^a Participar na tramitación das prestacións do sistema da Seguridade Social.

5.^a Informar, difundir e tramitar as solicitudes dos programas de axudas do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero) en favor dos emigrantes.

6.^a Participar na xestión dos programas de subvencións financiadas polo Ministerio e orientadas aos españois no exterior para cuxa resolución sexan competentes.

d) Calquera outra función que lles sexa encomendada no marco das súas competencias.

3. Para o desenvolvemento adecuado das mencionadas funcións, a programación das actuacións de cada consellaría quedará reflectida nun plan operativo anual, con indicadores de seguimento, sobre o cal dará conta e valoración de cumprimento, ademais de empregar calquera outra ferramenta de planificación que resulte adecuada.

Artigo 5. *Recursos humanos.*

Para o desempeño das funcións a que se refire o artigo 4, as consellarías de Emprego e Seguridade Social disporán do persoal recollido nas correspondentes relacións de postos de traballo para funcionarios e para o persoal laboral.

Artigo 6. *Recursos económicos e orzamentarios.*

As consellarías de Emprego e Seguridade Social estarán dotadas de recursos económicos adecuados destinados a sufragar os seus gastos de funcionamento e de investimento. Os ditos recursos serán asignados pola Subsecretaría de Emprego e Seguridade Social en función dos créditos consignados nos orzamentos xerais do Estado e serán xestionados de acordo coa normativa vixente e coas instrucións que se impartan desde a propia subsecretaría.

Artigo 7. *Estrutura.*

En cada Consellaría de Emprego e Seguridade Social haberá un conselleiro de Emprego e Seguridade Social. Tamén existirá un secretario xeral cando as especiais circunstancias da consellaría o fagan necesario.

O titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta do titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, poderá acreditar os conselleiros de Emprego e Seguridade Social para o desempeño das súas funcións noutros Estados ou ante organismos internacionais, en réxime de acreditación multilateral.

CAPÍTULO II

Dos conselleiros de Emprego e Seguridade Social e dos secretarios xerais*Artigo 8. O conselleiro de Emprego e Seguridade Social.*

1. Á fronte de cada consellaría haberá un conselleiro de Emprego e Seguridade Social que representará a súa xefatura. Ao conselleiro correspóndelle exercer as funcións de dirección, inspección, control da xestión, supervisión e coordinación da consellaría.

2. O nomeamento e o cesamento dos conselleiros corresponden ao titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, oído o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. O nomeamento producirase polo procedemento de libre designación, logo de convocatoria pública. Unha vez efectuados os nomeamentos, darase traslado destes ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, ao cal corresponde a acreditación ante o Estado ou Estados receptores ou a organización de que se trate.

Artigo 9. Requisitos e criterios para a designación do conselleiro.

1. A designación para un posto de conselleiro de Emprego e Seguridade Social exixirá o cumprimento, no momento da designación, dos seguintes requisitos:

a) Ser funcionario de carreira dalgún dos corpos e escalas do subgrupo A1 a que se refire o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

b) Atoparse na data de publicación da convocatoria nalguna das situacións administrativas relacionadas no artigo 85 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e no artigo 2 do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, excluídas a excedencia voluntaria incentivada, a suspensión de funcións e as excedencias voluntarias por interese particular e por agrupación familiar durante os seus dous primeiros anos.

c) No ter ocupado un posto de conselleiro de Emprego e Seguridade Social nos tres anos anteriores á data da convocatoria, sen prexuízo do disposto no artigo 11.2.

d) Calquera outro requisito que, en función da natureza e situación do posto de traballo, se exixa na convocatoria.

2. Especificaranse na convocatoria pública de conselleiro de Emprego e Seguridade Social os criterios que se terán en conta para a valoración das candidaturas previas á resolución.

Artigo 10. O secretario xeral.

1. O secretario xeral prestará o seu apoio técnico ao conselleiro de Emprego e Seguridade Social, a quen substituirá en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, e asumirá a coordinación dos diferentes servizos administrativos, especialmente en materia económica e de persoal, baixo a dirección do conselleiro respectivo.

2. O nomeamento e o cesamento dos secretarios xerais corresponde ao subsecretario de Emprego e Seguridade Social, conforme o procedemento de libre designación. O nomeamento producirase logo de convocatoria pública, entre funcionarios de carreira dalgún dos corpos e escalas dos subgrupos A1 ou A2, a que se refire o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 11. Permanencia e cesamento.

1. Sen prexuízo do disposto neste mesmo artigo, o período de permanencia do conselleiro de Emprego e Seguridade Social e do secretario xeral das consellarías de Emprego e Seguridade Social será dun mínimo de tres anos e dun máximo de catro. Logo de petición do interesado presentada dentro dos seis últimos meses do prazo máximo, o

subsecretario de Emprego e Seguridade Social poderá acordar a prórroga no posto de traballo ata un quinto ano, con carácter excepcional.

2. Non obstante e en atención ás necesidades do servizo, o titular dun destes postos poderá ser nomeado para outro posto de conselleiro de Emprego e Seguridade Social ou de secretario xeral en distinta Consellaría de Emprego e Seguridade Social sempre que cumprise o período mínimo de permanencia previsto no número anterior. Nestes casos, o prazo máximo de permanencia continuada entre ambos os dous postos non poderá superar os oito anos.

3. Excepcionalmente, o subsecretario de Emprego e Seguridade Social, por solicitude do interesado e por causas debidamente xustificadas de carácter persoal, poderá deixar sen efecto o período mínimo de permanencia nos postos no estranxeiro.

4. Non obstante o disposto no número 1 deste mesmo artigo, o persoal nomeado polo procedemento de libre designación a que se refire este capítulo poderá ser cesado nos seus postos de traballo con carácter discrecional. O dito persoal cesará igualmente polo transcurso dos prazos máximos previstos neste artigo, tendo en conta as prórrogas que puidesen concederse.

CAPÍTULO III

Dos conselleiros de Emprego e Seguridade Social das representacións permanentes

Artigo 12. *Os conselleiros de Emprego e Seguridade Social das representacións permanentes.*

1. Nas representacións permanentes de España ante organizacións internacionais, cuxos obxectivos ou ámbito de actuación se relacionen coas competencias do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, poderán existir, baixo a dependencia do embaixador representante permanente e en atención ás necesidades do servizo, os postos de conselleiro de Emprego e Seguridade Social que se consideren necesarios para o desempeño das funcións da representación, de acordo coa correspondente relación de postos de traballo. Cando exista máis dun posto de conselleiro, designarase entre eles un conselleiro coordinador ao cal estarán subordinados os restantes.

2. Sen prexuízo da regulación específica de cada representación permanente correspondente, as funcións dos conselleiros de Emprego e Seguridade Social na Representación Permanente de España ante a Unión Europea en Bruxelas, na Representación Permanente de España ante as Axencias das Nacións Unidas acreditadas en Xenebra e ante a Representación Permanente de España ante a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico en París, comprenderán, en todo caso, as seguintes:

a) Asesoramento, apoio e, de ser o caso, asistencia nas sesións dos órganos de goberno nas respectivas institucións nas cuestións de competencia do departamento.

b) Asesoramento, apoio e, de ser o caso, participación nas sesións de comités, grupos de traballo e grupos específicos de cooperación, sen prexuízo da participación de expertos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou doutros departamentos en calquera dos mencionados organismos, así como o mantemento e fortalecemento das relacións e dos contactos cos membros dos devanditos grupos.

c) Elaboración de informes, notas e comunicacións sobre temas de interese que se aborden na UE, a OIT ou a OCDE.

d) Apoio aos expertos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou doutros departamentos, segundo o caso, cando aborden materias relacionadas coas citadas organizacións que afecten a competencia do departamento.

Artigo 13. *Réxime xurídico.*

Os conselleiros de Emprego e Seguridade Social das representacións permanentes de España rexeranse por este real decreto no referente á súa dependencia, nomeamento, permanencia, cesamento e funcións, sen prexuízo das peculiaridades que poidan derivar da normativa específica e das características da respectiva representación.

CAPÍTULO IV

Do réxime do resto do persoal destinado nas consellarías de Emprego e Seguridade Social

Artigo 14. *Persoal funcionario.*

1. Os postos de traballo que comporten a realización de funcións administrativas, supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado, así como as que leven consigo unha especial responsabilidade ou labores de coordinación e supervisión das diferentes áreas funcionais ou xeográficas das consellarías de Emprego e Seguridade Social, serán desempeñados por persoal funcionario. Unicamente poderán ser desempeñados por persoal laboral os postos que impliquen labores auxiliares de carácter instrumental ou de apoio administrativo, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

2. As características dos postos de traballo que vai desempeñar este persoal funcionario serán as determinadas nas correspondentes relacións de postos de traballo. En todo caso, só os postos de traballo de especial responsabilidade así previstos na relación de postos de traballo, de acordo coa lexislación vixente, se proverán a través do procedemento de libre designación vixente no ámbito da Administración xeral do Estado, sen prexuízo das especialidades incluídas no presente real decreto.

3. O período de permanencia dos funcionarios nun mesmo posto de traballo será dun mínimo de dous anos e dun máximo de catro. Logo de petición do interesado presentada dentro dos seis últimos meses do prazo máximo, a autoridade competente poderá acordar a prórroga no posto de traballo ata un quinto ano, con carácter excepcional.

4. Ningún funcionario poderá ocupar máis de dous postos de traballo consecutivos no exterior, nin permanecer máis de oito anos consecutivos sumando o tempo total de desempeño en ambos os dous postos, incluídas as posibles prórrogas que se concedesen.

5. Os funcionarios destinados a España tras esgotar o período máximo de permanencia previsto no número anterior non poderán ser destinados a novos postos de traballo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social no exterior sen transcorrer previamente un período de dous anos contados desde o seu cesamento naquel. Excepcionalmente, por razóns xustificadas derivadas das necesidades do servizo, poderase reducir este período mínimo.

Artigo 15. *Persoal laboral.*

1. O persoal laboral con destino nas consellarías de Emprego e Seguridade Social ocupará os postos previstos na correspondente relación de postos de traballo.

2. A selección do persoal laboral efectuarase por convocatoria pública no país de acreditación, mediante sistemas de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade. A contratación realizarase de acordo coa lexislación laboral do dito país.

3. Este persoal rexerase polo disposto no seu contrato de traballo.

Disposición adicional primeira. *Ausencia de incremento de gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Supresión de seccións de Emprego e Seguridade Social.*

Quedan suprimidas as seccións de Emprego e Seguridade Social, así como as oficinas laborais non suprimidas na Orde do Ministerio de Asuntos Exteriores do 12 de maio de 1994, cuxas funcións son asumidas polas consellarías de Emprego e Seguridade Social, das cales pasará a depender o persoal daquelas.

O persoal da ata agora Sección de Emprego e Seguridade Social nos Países Baixos pasará a depender, para os efectos de organización interna e dotación orzamentaria, da Consellaría do Ministerio de Emprego e Seguridade Social en Bélxica.

O persoal da ata agora Sección de Emprego e Seguridade Social en Costa Rica pasará a depender, para os efectos de organización interna e dotación orzamentaria, da Consellaría do Ministerio de Emprego e Seguridade Social en México.

Quedan suprimidas as seccións de Emprego e Seguridade Social e as oficinas laborais en: Düsseldorf, Fráncfort, Hamburgo, Hannover, Múnic, Stuttgart; Varsovia; Andorra; Baía Branca, Córdoba, Mendoza, Rosario; Luxemburgo; Liexa; Río de Xaneiro, São Paulo; Ottawa, Montreal; San Xosé; A Habana; Bordeos, Estrasburgo, Lión, Marsella, Montpellier, Pau, Perpiñán, Toulouse; Bucarest; Tánxer; A Haia; Manchester; Xenebra, Zúric, Lausana, Basilea; Bogotá e Santo Domingo.

Disposición transitoria primeira. *Prazos de permanencia.*

Os prazos de permanencia nas consellarías de Emprego e Seguridade Social previstos no artigo 11, así como o prazo establecido na alínea 1.c) do artigo 9, tamén serán aplicables ás situacións iniciadas antes da entrada en vigor deste real decreto e computarase, para os efectos dos períodos de permanencia nas consellarías de Emprego e Seguridade Social, a totalidade do tempo que se desempeñase de forma efectiva no actual posto de traballo ou dous postos de traballo consecutivos nestas.

Disposición transitoria segunda. *Persoal de seccións extintas.*

O persoal que no momento da entrada en vigor do presente real decreto viñese prestando servizos nas extintas seccións manterá a súa residencia no país de destino das ditas seccións e pasará a ter a súa dependencia orgánica e funcional da respectiva consellaría de conformidade co establecido na disposición adicional segunda desta norma, todo iso sen prexuízo de futuras modificacións organizativas que se puideren realizar.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, expresamente, o Real decreto 426/1993, do 26 de marzo, polo que se regulan as seccións de Asuntos Laborais e de Seguridade Social das oficinas consulares, así como o Real decreto 904/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a Administración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no exterior.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

1. Autorízase o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para desenvolver, no ámbito das súas competencias, o previsto neste real decreto.

2. Autorízase o subsecretario de Emprego e Seguridade Social para ditar as instrucións precisas para o funcionamento das consellarías de Emprego e Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ANEXO

Relación de consellarías de Emprego e Seguridade Social

- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Alemaña. Acreditación en Polonia.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social na Arxentina.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Bélxica. Acreditación en Luxemburgo.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social na Representación Permanente de España ante a Unión Europea.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social no Brasil.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Canadá.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Chile.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social na China.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Cuba.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Dinamarca. Acreditación en Suecia, Finlandia, Noruega, Estonia, Letonia e Lituania.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social no Ecuador.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social nos Estados Unidos de América. Acreditación ante a Organización de Estados Americanos.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Francia. Acreditación ante a OCDE e en Andorra.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Italia. Acreditación en Grecia e Romanía.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Marrocos. Acreditación en Tunisia.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en México.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social no Perú. Acreditación en Bolivia e Comunidade Andina de Nacións.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Portugal.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social no Reino Unido. Acreditación en Irlanda.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Senegal.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Suíza. Acreditación en Austria e Liechtenstein.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social na Representación Permanente de España ante as Axencias de Nacións Unidas en Xenebra.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Uruguai. Acreditación en Paraguai.
- Consellaría de Emprego e Seguridade Social en Venezuela. Acreditación en Colombia e na República Dominicana.